

## **RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL POLA QUE SE CREA O REXISTRO PÚBLICO DE PERSOAL FUNCIONARIO HABILITADO PARA A EXPEDICIÓN DE COPIAS AUTÉNTICAS E PARA A ASISTENCIA NO USO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS.**

O artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que cada Administración disporá dun Rexistro Electrónico Xeral, no que se fará o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo, Organismo Público ou Entidade vinculado ou dependente a estes. Tamén se poderán anotar no mesmo, a saída dos documentos oficiais dirixidos a outros órganos ou particulares.

O artigo 12 de dita lei 39/2015 determina que as administracións manterán actualizado un rexistro onde consten os funcionarios habilitados para a asistencia no uso de medios electrónicos ás persoas físicas que o soliciten, especialmente no referente á identificación e sinatura electrónica, presentación de solicitudes a través do rexistro electrónico xeral e obtención de copias auténticas. Neste rexistro constarán os funcionarios que presten servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

Por outra banda, o artigo 27.1 da devandita lei 39/2015 establece que cada Administración determinará os órganos que teñan atribuídas as competencias de expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados. Que se deberá manter actualizado un rexistro onde consten os funcionarios habilitados para a expedición de copias auténticas.

Por todo o exposto anteriormente, esta Secretaría Xeral

### **RESOLVE**

**PRIMEIRO.** Crear o rexistro público electrónico de persoal funcionario habilitado da Universidade de Vigo. Dito rexistro será accesible, a efectos da oportuna verificación, nos termos legais e técnicos en cada caso vixentes, a través da sede electrónica da Universidade de Vigo.

**SEGUNDO.** Determinar que o persoal funcionario habilitado designado como tal no Anexo I da presente Resolución exercerá as súas funcións en beneficio tanto das persoas físicas non obrigadas electrónicamente como de aquelas que, actuando en representación de outras persoas xurídicas, sí o están e acrediten a insuficiencia de medios electrónicos necesarios para realizar os trámites oportunos na oficina de asistencia en materia de rexistro da Universidade de Vigo. Periódicamente, o Anexo I será obxecto de actualización co persoal habilitado ao efecto.

**TERCEIRO.** Determinar que o persoal funcionario habilitado como tal no Anexo I da presente resolución poderá expedir copias auténticas dos documentos públicos administrativos, sen prexuízo de que, ademais das persoas contempladas no Anexo I da presente resolución, o persoal do centro que expediu un documento orixinal manteña a habilitación para realizar a súa compulsa en formato papel.

**CUARTO.** Establecer, de conformidade co artigo 12 da mencionada lei 39/2015, que as persoas interesadas que carezan de medios electrónicos necesarios deban identificarse ante o persoal funcionario e prestar o seu consentimento expreso para esta actuación.

**QUINTO.** Aprobar os formularios que se axuntan á presente Resolución como Anexos II e III relativos, respectivamente, ao modelo de consentimento expreso da cidadanía ou do/a representante de persoa xurídica para a súa identificación e autenticación polo persoal funcionario público habilitado, e á credencial de persoal funcionario habilitado expedida polo Secretario Xeral da Universidade de Vigo.

O SECRETARIO XERAL

**ANEXO I**

**Relación de persoal funcionario habilitado da Universidade de Vigo<sup>(1)</sup>**

-----

(1) Este documento achegarase como parte da solicitude presentada.

## ANEXO II

### Modelo de consentemento expreso da persoa interesada para a súa identificación e autenticación polo persoal funcionario público habilitado

DNI, NIF, NIE: \_\_\_\_\_ Nome: \_\_\_\_\_

Primer apelido: \_\_\_\_\_ Segundo apelido: \_\_\_\_\_

Rúa/Vía: \_\_\_\_\_ Nº: \_\_\_\_\_

Planta: \_\_\_\_\_ Porta: \_\_\_\_\_ C.P.: \_\_\_\_\_ Municipio: \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_ Tlf: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

**DECLARA:** Que outorga o seu consentimento, por esta única vez, para a identificación e autenticación polo funcionario/a público/a habilitado/a abaixo asinante, para a realización do seguinte trámite e actuación administrativa electrónica:

---

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_

O/A CIADADÁN/A

O/A FUNCIONARIO/A HABILITADO/A

Cláusula protección datos

## ANEXO III

### Credencial de funcionario habilitado

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez, Secretario Xeral da Universidade de Vigo,

### CERTIFICO

que por medio da Resolución da Secretaría Xeral de data \_\_\_\_\_ inscribiuse ao funcionario/a que a continuación se acredita no rexistro público electrónico de funcionarias/os habilitados por esta Universidade.

Acreditación a:

D/Dña \_\_\_\_\_ funcionario/a da Universidade de Vigo con destino na oficina de atención en materia de rexistro desta, como funcionario/a público habilitado para a identificación e autenticación dos interesados nos trámites e actuacións electrónicas nas que resulte necesaria a utilización de sistemas de sinatura electrónica das que aqueles carezan, en aplicación do artigo 12 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

O SECRETARIO XERAL